




PACO VILABARROS

Premio Lorenzo Baleirón

Eduardo Estévez

‘A literatura ten que facer sentir’

CARME VIDAL

En *Caderno apócrifo da pequena defunta* o poeta Eduardo Estévez quixo ofrecerlle unha homenaxe a Alejandra Pizarnik, a escritora coa que aprendeu a ler poesía. O xurado do Premio Eusebio Lorenzo Baleirón escolleu o libro como gañador do certame e sorprendeuse ao atopar o nome do autor detrás daquela voz poética feminina. Varios títulos publicados fan de Eduardo Estévez unha das voces máis dinámicas da nosa literatura, a dun autor que se atopou coa lingua galega e a asumiu como propia cando chegou a Compostela hai sete anos.

Para Eduardo Estévez (Buenos Aires, 1969) *Caderno apócrifo da pequena defunta* responde á esixencia de autonomía da voz poética, algo que o autor defende con forza. Escrito en primeira persoa feminina, os poemas non descubren a autoría masculina que agochan. O poeta sinala que todo o libro é unha homenaxe á escritora argentina Alejandra Pizarnik, a autora coa que, segundo comenta, aprendeu a ler poesía. “Nos seus textos están permanentemente as palabras defunta e morte. A idea de que non se debe ler un libro a

través da biografía do autor está traicionada en Pizarnik xa que todo o mundo colle a súa obra a partir da súa vida. Trátase dunha dobre perversión xa moi asumida”, defende Eduardo Estévez sobre unha das autoras que máis están a influír na nova poesía.

Sen embargo, non por iso deixa de afirmar Eduardo Estévez que *Caderno apócrifo da pequena defunta* é un libro biográfico. “Aí está a clave, son textos biográficos pero non autobiográficos. A voz poética existe pero non é a persoal. Unha das miñas teimas é a memoria, constrúese

desde ela, pero iso non significa que haxa que recoller algo que de feito tña acontecido. A memoria pódese crear” explica o autor para quen “non é a reconstrución do pasado senón a construción dunha paisaxe que nos gustaría ter visto e unha persoa ou persoas que nos gustaría ter sido. Un xogo de máscaras, de imposturas”, afirma na súa particular definición.

Recibe o premio Eusebio Lorenzo Baleirón pouco despois de que outro poemario da súa autoría, *Derrotas*, fose elixido para gañador do premio de poe-

sía do Concello de Carral. Malia o trágico dos títulos, o autor diferencia os sentimentos que presiden os dous libros. “*O Caderno* é unha historia de amor e morte e *Derrotas* a constatación cotiá dos pequenos fracasos que se refiren ao diálogo coa obra de arte, á imposibilidade da comunicación” no sentido de que “cada un ve a realidade desde o seu propio contexto e no que se crea non están os condicionantes do lector ou o espectador”.

Pese a esa “incomunicación” o poeta continúa a escribir pola súa vontade de “dicir cousas, non creo na existencia dunha comunicación total pero si na posibilidade dun texto de transmitir sentimentos. Facer sentir é importante na vida e na literatura e o obxectivo da miña escrita”.

O encontro en Compostela

Desde moi novo Eduardo Estévez sentiuse fascinado pola poesía. En Arxentina publicou *Catedrais de perfil* e en Venezuela *Ya tan deshabitado* e participou en talleres literarios ademais de traducir ao español a obra de autores brasileiros, portugueses e galegos. En 1995 trasladouse para Compostela e pouco máis de dous anos despois recibiu o acesit do premio González Garcés con *Só paxaros saíron desta boca*. “Foi todo moi rápido, agora levo oito anos en Galiza e cando cheguei non tiña conciencia de lingua. Sen embargo, de xeito natural comecei a falar galego e pouco despois dinme conta de que traducía os poemas ao castelán así que decidín escribir directamente en galego” explica Eduardo Estévez do proceso que o levou a se converter nun poeta monolingüe en galego, unha lingua coa que se atopou de novo cando chegou a Compostela. Agradece, iso si, a “enorme receptividade do grupo humano que é o dos chamados poetas dos noventa que de seguido me consideraron un dos seus”. Virían despois poemarios como *Lúa gris* (Xerais) ou *Os veos da paisaxe*, publicado por Retagarda Edicións, un proxecto editorial colectivo do que o autor é un dos promotores e que terá unha especial atención á edición electrónica das obras.

“Sempre fun un escritor de referencias. Todos o somos. As miñas vivencias son en moita medida lecturas que deixaron pegada en min, diálogos con escritores, pintores ou obras cinematográficas, diálogos tamén con esa idea da imposibilidade de reflectir a realidade”, explica Eduardo Estévez, e desa teima dá boa conta a súa páxina electrónica persoal na que convida a todos os autores que dunha maneira ou outra teñen presenza no seu universo literario. Arredor de dúscenas visitas recibe semanalmente a súa páxina na rede e Estévez gábase deste xeito de comunicación que pon a poesía a disposición dun público co que o autor se comunica e ao que lle brinda a súa obra, a dos seus poetas queridos e mesmo unha sección de poemas con dez versos ou menos. ♦